



BESBELLO SALTÓN

2013-
2014



ÍNDICE

PORTADA(1º PREMIO)	DAVID GÓMEZ 1º BACH E
EDITORIAL	PÁX 2
IRISH CONNECTION	PÁX 3
LA ESFINGE COLIBRÍ Y EL BÚHO REAL	PÁX 5
O INSTI VISTO EN FOTOS	PÁX 7
ADIVIÑAS	PÁX 8
O RUGBY	PÁX 9
POESÍA	PÁX 11
OUTRAS PORTADAS	PÁX 12
PRESAS DO MEDO	PÁX 13
POR AÍ ANDAMOS	PÁX 16
UNHA MIRADA CONXELADA	PÁX 18
TRAS A FIESTRA	PÁX 19
ÉMILIE DU CHÂTELET	PÁX 20
TRAS OS PASOS DE CHEMA MADOZ	PÁX 25
RELATO MATEMÁTICO	PÁX 27
FOTOS 2º BACHARELATO	PÁX 29
COUSAS DO INSTI	PÁX 31
CONTRAPORTADA, AUTOR	ALEJANDRO GÓMEZ 4º ESO A

EDIZORIAL

Un ano máis con todos vós. Este Besbello Saltón nunca morre.


Ou si?



Non te esquezas de visitar a web do insti:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesalexandreboveda/>

CONSELLO DE REDACCION



What I've learned after living in Galicia...

The Irish Connection

When I first arrived in Vigo in October 2012 I knew just enough Spanish to buy a cheap mobile phone and open a bank account for my six-figure salary from the Xunta. I definitely didn't know words such as *riquiño*, *coitadiño*, *retranca*, *morriña*, *maloserá*, *fuchicar* or *carallo*, nor did I know the delights of empanada, cocido or octopus *to the party*. I didn't even know who CELTA or Vitrasa were and I had no Tarxeta Verde or Tarjeta Travel. I mixed up Meixoeiro and Freixeiro, Travesía and Traviesas, and I definitely didn't know the dangers of enjoying too much *licor café*. After 2 years in Vigo, I have learned a lot about myself and my own culture as well as learning about Galicia, and even though the Irish are famous all over the world for their sense of humour, warmth and fondness for alcohol, I think that you Galicians give us plenty of competition!

This little article is about some of my experiences in Galicia as a *guiri* (of course now when I see other *guiris* at the Náutico I like to laugh at them too) and I want to share with you some of the major differences I've noticed between *aquí* and *allí*.



One big difference between Galicia and Ireland is the food. We all know Irish food is absolutely amazing and Galician food is terrible. Of course I'm joking. I love eating and it's one of the reasons I came to Spain. You also eat much later than us and that can be a shock. We eat at 6pm but that's because we work 9 – 5. When my mum came to visit she almost had a heart attack when I told her I had made dinner reservations for 10.30pm. I love going out for *tapas*. It can be very cheap and it encourages sharing. If it's a Saturday night you might not finish *tapeando* until midnight and if you are stupid enough to order *licor café* you might not get home until sunrise and have breakfast before going to bed.

After some time living here you also get better at reading the menu (*la carta*, not *el menú*, one of the many false friends out there). You know that *gambas*, *gambones* and *langostinos* are not all the same thing, even if the dictionary tells you they are. You know that when in a café to simply order a “*caña*” without reminding the waiter that it’s Estrella Galicia you want (obviously!) Another marked difference is that *por favor* and *gracias* are not used quite as often as *please* and *thank you* in English. In the bakery, rather than just saying “*Dame una*”, I would politely waste everyone’s time by saying something like “*Me puede dar una barra de pan, por favor*”.

There’s no doubt my Spanish has improved while living here. Vigo is great for that because the people are friendly and talkative and it’s not very touristy. Of course I still make plenty of mistakes, and some of the stupid ones have made me feel very ‘*embarazado*’(embarrassed). Ask an *extranjero* living in Spain if they’ve made any silly mistakes and they will likely say yes. Perhaps they mixed up “*cajones*” and “*cojones*” or “*tener calor*” and “*estar caliente*”. I once asked the butcher for a “*pechuga de polla*” in Gadis and wondered why she was smiling. Luckily accidents like these can encourage conversation!

Of course, being a Northern boy in Southern Europe can also be frustrating. If the bus driver tells you the next bus is coming ‘*ahora*’, you know that that could be *now* or in half an hour. If you’re expecting a plumber or an electrician to come to your house, you don’t expect them to come when they say they will. You might even be surprised if they come the same day! You arrange to meet Galician friends at 10pm but the first person might not come until 10.20pm, if you’re lucky! People shout, lines at the bank are slow and buses are often late but I will happily accept all these things because I love everything else about living here.

No doubt Galicia is different. I’ve had the opportunity to travel to many other parts of Spain and its islands, and the cultural, linguistic and environmental differences are noticeable. There’s no *Flamenco* up here. *Muiñeira* is the dance of choice, and you’ll hear *gaiteros*, not *tocaos*. When I applied to the Spanish government to be a language assistant, I admit that my first choice of region was actually Andalucía and not Galicia (well, at least Galicia was my second choice!). When I first got the email telling me I was going to Vigo, I didn’t know anything about the place. Now I’m so glad I got this opportunity to come and learn about Galicia and its interesting people.

It’s hard to believe it’s almost over and I will have to say goodbye. Perhaps I won’t miss the *ciclogénesis explosivas* but my Galician memories will be with me forever and I’ll be sad to leave. So a big *graciñas* to everyone at Alexandre Bóveda, and in case I didn’t already say it, you should all come and visit Northern Ireland!

By Howard Jamieson, profesor auxiliar de conversación do departamento de inglés

La esfinge colibrí y el búho real

Una cálida mañana de primavera, la esfinge colibrí salió de la grieta donde había pasado el invierno hibernando y revoloteó hasta la pradera más cercana para probar el néctar de las flores ibéricas, relucientes al reflejar la luz del sol. Mientras buscaba violetas, verbenas y prímulas, cuyas flores son un manjar, pensaba en lo mucho que amaba la luz del día y el calor. Tan ensimismada estaba que no vio llegar a los cúmulos de nubes. No se dio cuenta hasta que ocuparon todo el cielo y la luz se desvaneció. Poco después empezó a llover a cántaros, y la esfinge colibrí tuvo que volar hasta el árbol más cercano, en el que había un agujero, para resguardarse del agua.

Una vez dentro, se chocó contra algo peludo y muy suave que parecía estar dormido. Su zumbido lo despertó. Unos ojos enormes de iris naranja la observaban con cierto disgusto. Era un gran búho real.

- ¿Por qué me has despertado? Aún es de día... Tengo que esperar hasta el anochecer, que es cuando puedo volar libre, cazar y ser feliz. -dijo el búho real

La esfinge colibrí se posó, contrariada por no estar entre las flores. El búho real contemplaba la lluvia, somnoliento.

- Yo estaba disfrutando de la pradera, hasta que empezó a diluviar. Era un día tan agradable y mira en lo que se ha convertido... -suspiró la esfinge colibrí.

Ambas reflexionaron en silencio. Sólo se oía el monótono ruido de la lluvia más allá de la corteza del árbol.

-Es curioso que, mientras yo amo el día y la luz del sol, tú los detestas. En cambio, la noche me aterroriza pero a ti te encanta.

Al final decidieron que cada uno enseñaría al otro por qué amaba el día o la noche. Esperaron hasta que oscureció y dejó de llover. Entonces el búho le mostró las estrellas. La esfinge nunca había visto algo tan brillante y precioso. Las luces centelleantes le hicieron perder el miedo y empezó a disfrutar la experiencia.

Al día siguiente, la esfinge colibrí condujo al búho hasta un claro en el bosque y le enseñó las flores silvestres, que impresionaron al búho real. Había flores grandes y pequeñas, estrelladas y tubulosas, de todos los colores que se podía imaginar. El búho nunca había pensado encontrar algo tan hermoso a plena luz del día.

Puede que las situaciones en las que nos encontremos no sean las que habíamos deseado, pero siempre se puede sacar algo en limpio, algo interesante que aprender. Sólo hace falta mirar más allá.

Todo el que te encuentres en tu vida sabrá algo que tú no sabes.



La **esfinge colibrí** (*Macroglossum stellatarum*) es una especie de mariposa diurna que vive en el sur de Europa, incluyendo el norte de África y centro de Asia, India e Indochina. Recibe el nombre por su vuelo que recuerda al del colibrí, en la Península Ibérica suele ser confundida por uno de estos pájaros, nativos de América.

El **búho real** (*Bubo bubo*) es una especie de ave rapaz de tamaño grande, de hábitos nocturnos, distribuida por Europa, Asia y África; incluyendo la Península Ibérica. El aleteo de sus alas es muy silencioso, y unido a su visión nocturna y a su agudeza auditiva, le proporcionan unas características excepcionales para la caza.



Relato ganador do concurso convocado polo departamento de Lingua e Literatura Castelá

Lucía Vila Rodríguez

1º BACH A


O INSTI VISTO EN FOTOS



Óscar U. Figueroa e Paula Fontenla



Gabriel Vilas e Diego Amoedo



Xela Fernández e Covadonga López

ADIVIÑAS

1.

Sempre mudo de roupa
cando o tempo vai cambiar,
porque son moi coqueta
e axudo a respirar.

(Vanessa Fandiño, 3º ESO-F)

2.

Ten famosa memoria,
gran tamaño e dura pel
e o nariz máis grande
que no mundo pode haber.

(David Fresco, 3º ESO-F)

3.

Todas somos altas,
gordas ou delgadiñas,



e botamos moito fume
polas nosas cabeciñas.

(Sophie González, 3º ESO-F)

4.

Alumea a túa vida
cando marcha o sol;
sen min andarías perdida
e sen ver nungunha cor.

(Juan Lamela, 3º ESO-D)

5.

Na horta fun criada,
atada con verdes lazos,
quen chora por min
estame a partir en anacos.

(Iria Herbello, 3º ESO-D)

6.

Pálpebras das nosas casas
que ao me erguer enrolo,

fican baixas pola noite
para velar o meu soño.

(Iago Feal, 3º ESO-D)

7.

Nacín na auga,
na auga me criei,
se me pos na auga,
na auga morrerei.

(Laura Blanco, 3º ESO-D)

8.

Corro e non teño patas,
teño ollos e non podo ver,
portas e fiestras e non son unha casa;
e logo, que podo ser?

(Alán Rey, 3º ESO-E)

9.

Espértanme sempre cando escurece,
déixanme durmir cando é de día,
fago fuxir tebras e medos,
troco a noite en día na vila.

(Alán Rey, 3º ESO-E)

10.

Abro o meu propio camiño,
por terra non podo andar
e, cando estou na auga,
ando e ando sen parar.

(Ángel Castro, 3º ESO-E)

11.

Branquiñas de algodón,
xuntas e a pelotón
e, se están xuntiñas,
fan un nubarrón.


(Ruth Rivas, 3º ESO-E)

O RUGBY

O rugby é un deporte colectivo orixinario de Inglaterra, e moi estendido en todo o mundo, sobre todo nas antigas colonias inglesas como Australia, Nova Celandia ou Sudáfrica. Ademais está amplamente difundido en case toda Europa, sobre todo en Francia, Italia e Romanía. O Rugby só foi recoñecido como deporte pola Football Association en 1863.



O rugby é un deporte de contacto pleno que require destreza, fortaleza física e grande intelixencia táctica. Debido a isto, existen prendas non ríxidas autorizadas que poden ser empregadas como protección.



É característico no rugby o respecto polas regras que deben practicar tanto os xogadores coma o público. As decisións do árbitro rara vez son discutidas polos xogadores.

A súa invención atribúese miticamente a William Webb Ellis, estudante de teoloxía da inglesa escola de Rugby, de onde toma o seu nome, en 1823, tras tomar a pelota coas mans nun partido de fútbol e cargar contra os adversarios. Porén, os seus antecedentes remotos están nos innumerables xogos de pelota que se practicaban en todas as épocas e por todo o mundo. Este deporte tamén foi practicado en diferentes épocas, como no antigo Exipto, na Grecia clásica e na Idade Media onde se desenvolveron diferentes modalidades. Estas modalidades carecían de regras aparentes e non era raro que durante a súa celebración, que se prolongaba durante días, se producise algún morto.

O primeiro club de rugby é o Guy's Hospital fundado en Inglaterra no ano 1843. As primeiras regras escritas datan de 1845. O primeiro partido internacional dispútase entre Inglaterra e Escocia en Edimburgo. En 1877 o número de xogadores redúcese de 20 a 15.

No rugby enfróntanse dous equipos dentro dun campo rectangular en cuxos extremos atópanse instaladas dúas porterías con forma de "H". O obxectivo é apoiar un balón ovalado no chan coas mans sobre ou tras a liña de ensaio. Isto denomínase ensaio e ten un valor de 5 puntos. Após o ensaio, o equipo anotador ten o dereito de patear o balón cara á portería adversaria, e se consegue pasalo entre os dous paus verticais e por enriba do longueiro, anota 2 puntos máis. Tamén poden conseguirse puntos tirando a paus tras un golpe de castigo, nese caso o seu valor é de 3 puntos. Cando o balón sae fóra do campo ponse en xogo mediante un saque lateral onde os dous equipos fan dúas liñas paralelas e un xogador é impulsado por outro xogador co obxectivo de coller a bóla. A xogada mais famosa do rugby é a melé (mostrase na foto).



Tamén hai as infraccións maiores, que se penalizan cun golpe de castigo, no que o balón o xoga directamente o equipo non infractor coa man ou pateando, e dá lugar a tiro a paus para conseguir 3 puntos ou patear.

O rugby é o segundo deporte de equipos máis popular no mundo, só é superado polo fútbol. Disputado en máis de 120 países, é extremadamente popular nas Illas Británicas, en Australia (Wallabies), en Nova Zelandia (The All Blacks), en Sudáfrica (The Springboks) e en Francia (Les Bleus). Estas son as grandes potencias do deporte. O Mundial de Rugby é o principal evento entre seleccións. Disputada cada catro anos, trátase do terceiro evento deportivo máis visto no planeta (detrás do Mundial de Fútbol e dos Xogos Olímpicos).

IRENE VÁZQUEZ CARBALLO (2º ESO-B)

Saboroso son dos versos salgados 2014

COMO SERÍA A VIDA PERFECTA

Cando te coñecín
souben que serias para min.
Preguntábame por que a vida era tan bela,
e agora o sei: porque ti estás nela.
Quixera ser o mar
e que ti foses a rocha,
porque ao subir a marea
bicaríate na boca.
Gardo a túa foto no meu cuarto,
cando pecho os ollos comezo a soñar.
Síntote tan preto... mais ao espertar
ti xa non estás.


Sabela Fernández Rodríguez (2º ESO – B)

XENTE DIFERENTE, MESMA LINGUA

Nas montañas rochosas e *verdescentes*,
vive xente con costumes semellantes.
Nelas nacen ríos de augas transparentes
que van ao mar para delicia dos navegantes
Uns viven preto do mar con seseo abundante;
outros nas montañas con gheada complacente;
e algúns vivimos na cidade cun acento diferente,
pero todos nos entendemos de maneira sorprendente.
Algunhas xentes non lle dan o valor e o idioma desprezan;
eles non nos coñecen e non comprenden
que o galego é tan grande
que ata os estranxeiros os abraia e os sorprende.

Pablo Gil Diéguez (2º ESO – B)

OUBRAS PORZADAS




Daniel Iglesias 1ª ESO B

Nuria Pineda e Andrea Sanchez 3ª ESO C



Nuria Pineda e Andrea Sanchez 3ª ESO C

Micaela A. Ramos 2ª ESO E



Judit Conso 4ª ESO C

Laura Falque 3ª ESO D

Presas do medo

A enquisa realizada pola FRA, Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, revelounos hai dez días, uns resultados aterradores sobre a violencia de xénero. Aclarar en primeiro lugar, que este tipo de violencia atinxe soamente ás mulleres, pois nunha sociedade desigualitaria como a nosa, o home busca o sometemento, facilitando así, o control sobre elas, e afianzando a súa posición de poder.

62 millóns de europeas sufriron violencia física ou sexual dende os quince anos, o que supón un terzo das mulleres. Isto agrávase se nunha relación cun home, o 22% tiveron que experimentalala pola súa parte, onde só unha de cada tres, o denunciou. Polo tanto, nun ambiente onde debería reinar a felicidade, abunda o medo. Case a metade foi humillada en público, obrigada a permanecer na casa, ameazada... convertendo a vida familiar nun bungaló do holocausto nazi, pois tras sufrir o traballo forzado na rúa (menor salario, peores condicións, abusos por parte dos xefes e clientes), chegan a casa para continuar este inferno a mans da que supostamente, é a persoa que máis as quere.

En canto a isto, resaltar a viñeta de Forges polo Día Internacional da Muller. Nela, abre dúas brechas sobre a maneira de querer, a superficial, a que abunda na sociedade, agochando esa intención posesiva a egoísta, e unha moito máis profunda e igualitaria. Unha maneira onde prima o benestar da parella, a cal debe ser libre, sen medos, sen discriminación, cun traballo digno e respectado, pero por encima de todo feliz. Tal como dixo Berne "A sexualidade pode ser un acto de soidade, un ritual, un pasatempo, un xogo psicolóxico ou un acto de verdadeira intimidade" Mais, para alcanzar iso, debe existir plena igualdade na parella, sen que un estea por encima do outro, sen que exista o fin e o cabo desigualdade.



A medida que nos adentramos nos resultados, tórnanse aínda máis arrepiantes. O 33% asegura que sufriu violencia física ou sexual, a mans dun adulto na súa infancia. Por relación de proximidade, ás veces, é o seu propio pai quen se converte en agresor. Estas, deixan de xogar para desnudarse, emitindo uns gritos de dor soamente escoitados polas paredes da súa habitación, as cales por medo ou vergoña permanecen no silencio, sen deixalas fuxir. Pois, en moitos casos, son os nenos e nenas quen pagan esta violencia, so temos que prender Telecinco para velos facer negocio cos asasinatos dos pequechos a mans do seu pai, para vingarse así, da persoa que lles deu a vida.

Se nos paramos a pensar por un instante onde se realizou a enquisa, os resultados quizás nos resulten aínda máis alarmantes. Estamos en Europa, señores e señoras, o lugar onde supostamente máis se ten avanzado, e as melloras seguen sendo mínimas, de Olympe de Gouges á actualidade tan só temos dado un par de pasos. Milleiros de mulleres son maltratadas, violadas, asasinadas.. podería ser a nosa nai, a nosa avoa, a nosa amiga, a veciña, ou poderíamos ser nós, e seguimos impasibles, coma se nada pasara.

A evolución biolóxica trouxo consigo enormes desventaxas físicas, o que nun mundo onde privaba a supervivencia, traducíuse por permanecer caladas ante a dor, non había tempo para queixarse. Isto, transmitiuse ao longo dos séculos, ata o día de hoxe, cando milleiros de mulleres ocúltanos abusos masculinos. Tal acto, funde o iceberg da desigualdade, tendo cada vez, menos superficie.

Isto agrávase coas novas tecnoloxías e redes sociais. Nelas, son libres para ensinar o seu corpo, escusa que aproveitan os homes para iniciar o acoso, pero non é nin por asomo o foco do problema. O que realmente me preocupa é a actitude do colectivo feminino, e, ante iso, digo : que tire a primeira pedra quen nunca chamara fresca a unha muller por ensinar carne. "Esa vai ao que vai" "Un tanga tápache máis que eses pantalóns que levas, bonita" son frases que todas escoitamos ou dixemos, pero cal é o problema? Seguimos calificando de buscona a unha muller que busca o seu propio pracer. Agora ben, unha cousa é ser libre para decidir, e outra moi distinta, vender o teu corpo, porque cerebro que non vale un duro, abuso seguro.

Para atopar unha solución hai que actuar na base da sociedade, os nenos e nenas, formándoos para vivir nunha situación igualitaria, onde como primeiro paso recoñezan o problema e así, poidan loitar contra el. Quizais, é o máis difícil de conseguir, pois, o machismo nos cativos comeza mesmo

antes de nacer. Unha vez comunicado o sexo, desátase tal carreira por encher ao neno de azul e á nena de rosa, que, ás veces, roza a obsesión. Son os preparativos para no momento da saída azoutalos ca terríbel realidade.

Mais, non remata aquí, co paso dos días e o xogo do afecto irán aprehendendo as condutas aceptadas pola sociedade, forxando o neno nos valores da masculinidade hexemónica, agresividade, poder, forza, e, a nena no da dozura, a sumisión, a beleza...

Polo tanto, non é casualidade que os países con maior índice teñan un bo sistema educativo, saben recoñecer o problema, son xente formada. En cambio, en España reside nun dos máis baixos, mostrando a falta de coñecemento sobre o tema, onde as grandes caras dos medios de comunicación son homes, un dos temas máis coñecidos da mellor artista nacional do momento, Malú, reflexan nas súas letras a definición de machismo consentido, mostrándoo como unha mostra de amor na parella "*Toda, entera y tuya toda, aunque mi vida corra peligro*", ademais das numerosas series onde a muller unicamente busca o home idealizado. Isto, é un instrumento manipulador para a sociedade, a cal forxa unha falsa realidade, invisibilizando ese sistema opresorio chamado patriarcado.

A loita contra esta situación non é só feminina, e temos defendendo isto ao periodista Iñaki Gabilondo. Este, interpela aos homes recalcando a importancia de liberar esas telarañas mentais que aínda manteñen na súa testa. Pois a diferenza de como cren moitos, a abolición do sistema patriarcal traeríanlle máis vantaxes ca inconvintes, a primeira e quizais a máis importante, a liberdade de ser eles mesmo, sen ten que soportar o peso da sociedade que lles obriga a actuar dunha forma pactada.

Polo tanto, como conclusión, se non actuamos tanto en concienciación, como nun maior endurecemento das penas, pois o caso máis grave é o resultado de abusos indefinidos, máis de 62 millóns de mulleres serán ignoradas.

Ana Andrés, 1º Bach C

POR AÍ ANDAMOS



POR AÍ ANDAMOS



UNHA MIRADA CONXELADA

Volveuse e deuse conta de que estaba falando soa. El xa non estaba.

- Charlie? -dixo ela.

A rapaza non pasaba dos 30 anos. Levaba unha camiseta branca acompañada dunha faldras longa e violeta. Era loura e levaba o cabelo recollido nun moño.

Un home de avanzada idade fitaba dende unha fiestra engurrando o cello. Este levaba unha bata branca e uns pantalóns vaqueiros. O home abriu a porta e, captando a atención da rapaza, dixo:

- Xulia, con quen estiveches esta vez?

- Era Charlie, meu amigo, mais tivo que marchar.

- Ben, a ver se volve. Oe, a policía creo que está a chegar. Mellor é que esperes dentro.

Xa sabes, queren falar sobre... o que pasou co teu amigo.

Após estas palabras, Xulia dirixiuse até a sala que lle indicou o Sr. Smith, o home da bata. Entrou na sala. Non era moi grande, mais tiña un espello que cubría case unha parede enteira. Había catro cadeiras e unha mesa cadrada. Xulia sentou nunha cadeira e agardou.

Cando chegaron os policías e mais o Sr. Smith comezaron as preguntas:

- Xulia, que viu aquela noite tras ser testemuña do asasinato?

- Creo lembrar que... -Xulia pechou os ollos para tentar lembrar mentres seguía falando.- Era unha muller... loura e levaba unha prenda que se via ben a pesar de estar ás escuras. Levaba tamén unha faldras...

Despois disto abriu os ollos e ficou pálida. Viuse no espello e parecía que o seu reflexo lle sorría. Os policías cruzaron unha ollada de complicidade.

- Lembrou algo sobre o seu amigo Charlie, asasinado hai dous días? - preguntou un dos policías.

A Xulia conxelóuselle a mirada e dixo atónita:

- Charlie estivo comigo antes. Vostede o viu, señor Smith! -gritou desesperada.

- Non, Xulia. Estabas a falar soa -respondeulle sostendo a mirada.

Entón foi cando Xulia alzou a cabeza e viu o mesmo cartel, como cada día: "Hospital Psiquiátrico de Rebullón".

Miriam Álvarez Rodas (3º ESO - E)

Toloscontoscurtos 2014

TRAS A FIESTRA

Dende a fiestra do meu cuarto enxérgase unha fermosa paisaxe de árbores vivas de cor que abraian o meu corazón. Dependendo da estación, os meus belos amigos cambian de roupa e cor. Fermosas camelias floridas, altas montañas con neve branca nos seus cumes semellan sombreiros fríos e as vellas matogueiras fan de manta ás árbores máis vellas e quéntanas.

Á noite, dende a miña fiestra, non podoo ollar xa a paisaxe, as persianas fan de gardiáns da noite.



Chega a mañá e, polas físgoas das persianas, o sol asómase pouco a pouco no cuarto querendo molestarme, xa que chegou a hora de erguerse e abrir as fiestras para volver ver a miña fermosa amiga chea de cor.

Leda de vela e leda de verme.

Porén, gusto de abrir tanto as fiestras e ver esa paisaxe tan bela, iluminando o meu cuarto.

Vanessa Fandiño Vilar (3º ESO - F)

Émilie du Châtelet

e as matemáticas do xogo

Creo que xa atopei a solución ao problema dos cartos.

É frustrante que o presuposto non me permita adquirir os materiais que necesito para continuar a miña educación. Por exemplo, o titor recomendoume unha serie de obras -entre elas algunha de Isaac Newton- que teño moitas ganas de ler. Pero xa non terei que preocuparme máis do asunto económico. A clave, aínda que pareza mentira, *c'est le jeu!*



Si, o xogo, o das cartas, a diversión estrela do momento, e que nestes tempos semella terse paulatinamente apropiado das apracibles tardes no salón dos aristócratas parisiños. Todo isto débese a que onte fun xunto ao meu pai a facerlle unha visita a Fontenelle. É unha persoa extraordinaria. Lémbrome moi ben das súas charlas de astronomía cando era unha nena, ensinábame moi-

tísimas cousas interesantes sobre o universo, realmente son moi afortunada xa que é un home de gran prestixio. Levaba sen velo desde a miña presentación no *château* de Versailles polos meus dezaseis anos, e iso foi o ano pasado, polo que estaba moi emocionada.

O caso é que cando chegamos estaba a punto de partir cara o salón de xogo de Fontainebleau, e convidounos a ir canda el. A dicir verdade, ata o momento eu nunca estivera nun salón de xogo. Non por ser un pasatempo de homes, grazas a Deus o meu pai, que é moi liberal, explicoume que non debo renunciar ás cousas por estar socialmente asociadas ao xénero masculino, xa as mulleres temos as mesmas capacidades -ou máis!- que os homes. Sempre di que eu son o seu exemplo. Non sei que faría sen meu pai, ao resto de rapazas da miña idade nin se lles pasarían pola cabeza todas as cousas que eu teño o privilexio de facer, e é moi inxusto porque teño amigas moi intelixentes e a sociedade non lles permite desenvolver o seu potencial intelectual. Cando entenderán todos a perda que significa confinar ás mulleres ás labores domésticas?

Volvendo á cuestión, o edificio impoñía coas súas contornas clásicas, liñas de pedra ríxidas mais equilibradas. O interior era unha paisaxe diferente. A nova corrente, o Rococó, estaba xa plenamente instaurada. A decoración *rocaille* deslumbroume, as filigranas aéreas esparcíanse polas paredes coma se de plantas fantásticas se

tratara. Elegancia e ilusión conxugadas nun estilo florentino en Francia pero que tamén deleita aos países veciños.



Despois dos saúdos escuseime e fun sentar nun diván de mol veludo decorado. Procedín a analizar todo o que pasaba ao redor de mín. Nas altas esferas da sociedade francesa, *les hautes echelons*, o xogo é un indicador de rango, riqueza e clase. Observei as delicadas *boîtes de jeu* abertas en cada mesa. A finura das caixas de porcelana esmaltada non pasaba inadvertida, chámanlle o ouro branco e din que o seu tacto é incomparábel. E entón foi cando comecei a fixarme no xogo. E deime conta de que ese azar do que todos falan, ese famoso azar que semella ingobernable casualidade, é tamén matemática! O xogo ten unhas normas concretas: hai un número finito de cartas, un número determinado de xogadores, unha reducida cantidade de boas xogadas! Polo que en realidade non é azar, simplemente probabilidade. Ninguén se da conta disto, todos se basan na suposición e na intuición, pero eu podo contar cartas e

calcular posibilidades. A unha gran velocidade, de verdade, grazas á miña formación. Podo albiscar toda unha teoría de xogo, unha infinita cantidade de estratexias, unha nova área, territorio inexplorado, chea de achádegos prometedores, que se desdobra ante os meus ollos, virxe e tentadora. Ademais da emoción do descubrimento matemático, o mellor é que podo sacar beneficio de todo isto. Basta con estudar as estratexias óptimas de xogo, ademais de analizar a forma de xogar dos contrincantes -que non pode ser moi complicada, xa que unicamente supoñen, así que deben seguir unha especie de patrón regular individualizado. Con estas, acerqueime emocionada á mesa do meu pai e pedín permiso para observar o desenvolvemento da partida. En pouco tempo xa tiña memorizadas as regras do xogo. Góbernanse pola sorte, pero sorte engaiolada dentro duns precisos límites que marcan o válido e inválido. Non supuxo ningún esforzo para min desenvolver rapidamente unha estratexia propia, que tiven lista para o remate da rolda. Agochando a miña emoción o mellor que puiden pedín participar no seguinte xogo. Gardar a compostura é esencial. Os demais xogadores da mesa semellaban sorprendidos, pero tanto meu pai como Fontenelle dirixíronme un sorriso cómplice. Entón comezamos, perdín a noción do tempo, e o meu mundo reduciuse a esa partida. Tanto que nin me dei conta de que non había murmuro de fondo, de que todas as partidas interrompéranse e de que todo o salón estaba

mirando cara min. Cara min -a única muller da sala- e cara a ducia de roldas que levaba ganando seguidas, sen excepción, e que supuxeran unha xenerosa montaña de *livres françaises* ao meu carón. Despois disto xoguei noutras mesas, deixei nos a todos atónitos. Ademais, canto máis arrogante a persoa, máis apostaba e máis lle amolaba perder. Unha importante fracción das miñas ganancias derivaba de escoller ben os contrincantes. As caras que se lles quedaban... Estaba eufórica, de feito, aínda o estou. Atopei a chave dourada da miña liberdade económica. E por primeira vez, vin recoñecemento nos ollos dos homes con menos prexuízos. Tomei lección sobre as aptitudes femininas!



Relato baseado nun contexto histórico e biográfico real

Escrito por Lucía Vila Rodríguez alumna de 1º BAC A

TRAS OS PASOS DE CHEMA MADOZ




Belén Portela e Gabriel Fernández



Aser Álvarez e Mario Herbella



Xela Fernández e Covadonga López



Ana Manzano e Lucía Simón


TRAS OS PASOS DE CHEMA MADDOZ




Ana Manzano e Lucía Simón



Andrea Castellanos e Sandra Motto



Elia Octavio de Toledo
Iván Capelo
Laura Vázquez



Ana Manzano e Lucía Simón

RELATO MATEMÁTICO

Alba mirou desesperada de novo o problema. Xa eran as once da noite, e levaba todo o día dándolle voltas. As matemáticas non eran o seu, aínda así quería facer ben este problema. A súa titora prometeulle un punto máis na nota da avaliación a todos os que fixeran ben os problemas do "Concurso de problemas" que cada ano facía o centro. E Alba necesitaba fose como fose aquel punto máis, porque se non a súa media quedaría en suspenso.

Era tarde, a Alba doíalle a cabeza, e case sen se dar conta as súas pálpebras pecháronse.

A sensación de descanso inundou o corpo de Alba, sentíase como se durmira horas e horas, moitas máis do normal. Abriu pouco a pouco as pálpebras, e descubriu que quedara durmida encima do "dichoso" problema. Mais, cando se levantou, deuse conta de que ese non era seu cuarto. O medo recorreu o seu corpo pero non tardou en pensar que: *Isto debe de ser un soño*. Deu uns golpeciños no brazo esquerdo, e logo no dereito, coa fin de espertar e volver a súa habitación, mais unha voz provocou que parara.

-Bos días, Alba. Estaba agardando por ti.- Saudouna unha muller desde a porta do cuarto. Alba fixouse nela, tiña algo que lle resultaba familiar, mais non foi quen de descubrir o qué.

Alba mirouna con medo polas "pintas" que levaba; pensou que se trataba dunha muller da época da Ilustración ou o Rexurdimento.

-Quen es?- Preguntoulle Alba xa sen tanto medo, porque a fin de contas supoñía que era un soño.

-Non me recoñeces Alba? Son Émilie du Châtelet, a túa tática tática tática tática tática avoa.- Alba mirou para ela vacilante, preferiu preguntar que facía ela alí antes de negar o seu suposto emparentamento.

-E...Que fago eu aquí?

-Sei que tes problemas coas matemáticas, e veño a axudarte.

Mentres Émilie dicía isto, sentouse nunha banqueta preto do escritorio, e sinalou amigablemente outra que estaba ao seu carón para que Alba se sentara nela.

-Dime, cal é o teu problema?

-Que non entendo as Matemáticas...Ódooas, nunca consigo encontrarlles o sentido.- Contestoulle Alba resentida.

-Normal que non as entendas se dis que as odias. Mira, escóitame, se ouves a alguén dicindo que odia as Matemáticas, ti colleraslles medo e tamén acabarás odiándoas. As Matemáticas son unha ciencia exacta, non son como a linguas, nas que tes que memorizar os verbos, as súas normas ortográficas e cousas de esas. A min, gústame pensar nas Matemáticas como se fosen un xogo, porque aínda que non o creas, as Matemáticas son moi divertidas. De feito, nos teus tempos, teño visto revistas e xornais con sudokus, xeroglíficosson Matemáticas que entreteñen á xente.



-Non é o mesmo un sudoku que, por exemplo, unha ecuación...

-Tes razón...As ecuacións son mais divertidas aínda. -Alba ía a responder mostrando o seu desacordo, mais Émilie cortouna empezando a explicarlle o problema.

E pouco a pouco, Alba foi entendendo o exercicio. Ao final, non era tan difícil como pensara. De feito, sorprendeuse a si mesma cos seus coñecementos .Cando o rematou, Émilie díxolle:

-Escoita Alba, na vida non podes a odiar as cousas sen probalas antes. Xa sei que as Matemáticas non son un novo sabor de xeados, mais se ti queres, como ti mesma acabas de ver, pódeste levar unha boa sorpresa. Practica cada día e acabarás sacando deces.

A face co sorriso de Émilie foise facendo borrosa, e pouco a pouco a habitación fíxose negra; e a voz da súa nai provocou que Alba abriera os ollos.

Esta vez si estaba na súa habitación, e de novo, apareceu coa cabeza acomodada no escritorio co problema diante. Alba exasperouse ao ver que estaba en branco, ningunha das operacións que fixera con Émilie estaba alí. Leu o problema de novo, e aínda que os datos non eran iguais, a estrutura si que o era. Alba resolveu o problema sen complicacións, e ao chegar a clase entregouno satisfeita á súa titora.

Semanas mais tarde, Alba descubriu que conseguira o punto e estaba moi feliz. Aínda que máis leda estaría se, despois de todo, non precisara do punto extra para aprobar.

Alicia Correa Pastoriza alumna de 3º ESO E





COUSAS DO INSTA



COUSAS DO INSZI



